

AMOSALO ESTADO REAL DA COSTA

Malia a mensaxe oficial de “normalidade”, moitas son as expectativas abertas no noso país para este verán. Loxicamente, é no campo da economía onde se concentra o substancial de tales expectativas, e agora, a máis de nas actividades pesqueira e marisqueira, hai que ver cómo responde o turismo.

Está por ver se entre as campañas de imaxe, a curiosidade e a solidariedade traen a Galicia en xullo e agosto tantos visitantes coma outros anos. Sexa como for, para NM está claro que ningunha destas consideracións deben ser motivo para agacha-lo fundamental: temos un problema en forma de barco afundido, a costa contaminada de fuel por riba e por baixo, chapapote novo que chega sexa de onde queira, serias consecuencias socio-económicas, psicolóxicas e culturais derivadas do que aconteceu nos pasados sete meses.

Máis en concreto: non se pode ocultar, para non espantar turistas, que hai piche nas praias. Hai que te-la seriedade e o respecto necesarios como para recoñecer que a situación non é a dos anos anteriores. O contrario sería defraudala súa confianza e luxar -con manchas máis graves cás do chapapote, como gusta de dici-lo sr. Fraga Iribarne- a imaxe internacional de Galicia. Nós iso non pensamos facelo.

Chega a substancia negra por diversos puntos da ribeira, e ninguén aclara con argumentos serios de ónde procede. É certo que as zonas máis afectadas son a Mariña de Lugo, Ferrolterra e outras comarcas do Noroeste. Pero chega a máis sitios. ¿Vén dunha gran mancha situada no Golfo de Biscaia? Se cadra. De ser así, ¿por que non se ataca esa mancha?; ¿acabáronse os orzamentos públicos para o “caso *Prestige*”? ¿Non sae xa fuel do pecio? ¿Haberá xa quen llelo crea?

Hai fuel vello, sen limpar, en praias e cons. Para lembrar e amosar iso, contra discursos recorrentes, desenvólvense iniciativas coma a das Xornadas X Galiza 2003, que ten preparadas Galiza Nova de Carnota en colaboración coa Sociedade Cultural Medulio, de Ferrol. Organizan, para os días 4, 5 e 6 deste mes de xullo, un grupo de voluntarios para limpar, din, as súas “esplendorosas costas” e “amosarlles de paso o que se esconde tras ese esplendor á xente de dentro e de fóra”. Como non todo ha ser traballo, desenvolverán tamén actividades lúdico-festivas.

E o certo é que o Concello de Carnota segue a demandar voluntarios. Parece cousa coma doutro tempo, ¿non? Pois aínda os precisan. Só piden que sexa un grupo mínimo de cinco persoas e ter transporte propio. Chamade ó teléfono 981760721 ou ó 981857032, extensión 14.

“NÓS SÓMO-LOS OLLOS E ELES A VOZ”

Como quedou dito no número anterior, o 26 de xuño celebramos na Galería Sargadelos unha Mesa Redonda no marco da nosa exposición de Lugo. Nela propoñíase responde-la pregunta “¿Ten aínda vixencia o movemento *Nunca Máis*?”, e contamos con Xurxo Souto, da nosa Xestora Nacional, Bernardino Pardo, médico lugués integrante da Plataforma de Sanitarios de NM, Susana Coello e Pura Cores, mariscadoras de Vila-xoán de Arousa.

O acto deunos diversos motivos de satisfacción. Un foi o de comprobar, pola sala chea, que as convocatorias que realizamos seguen suscitando resposta importante. Outro, o da gran participación dos asistentes, coa que o coloquio se alongou ata perto xa das dez da noite. E, por último, o manifesto a-poiio e recoñecemento de moita xente do mar, que desta volta expresaron a Susana e a Pura. Da primeira é a frase que lle serve de título a esta columna. E, en efecto, é un dos no-sos fins e ó tempo motivo de honra: *Nunca Máis* ponlle voz á conciencia da catástrofe.

